


D I T A M E

Ditame
4/12

sobre o anteproxecto de
**Lei de impulso e ordenación das
infraestruturas de
telecomunicacións de Galicia**



A P R O B A D O P O L O P L E N O O 2 3 D E A B R I L



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

“

ANTECEDENTES

1.- En data 23 de febreiro de 2012 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame polo trámite ordinario, o anteproxecto de lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 1: *Economía, emprego e sectores produtivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 16 de marzo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº1 para o 26 de marzo de 2012, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 9/12, de data 13 de abril, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea á presidenta do Consello para a súa tramitación.

5.- A presidencia do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 3/12, de 23 de abril, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de lei de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.

ESTRUTURA E CONTIDO

O presente anteproxecto de lei ten por obxecto a regulación do impulso e a ordenación das infraestruturas de telecomunicacións no ámbito de Galicia, de tal forma que o seu despregamento territorial se faga de xeito áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co medio ambiente.

A norma estrutúrase en seis Títulos, catro disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e dúas disposicións finais.

No Título I, relativo ás disposicións xerais, defínese o obxecto, finalidade e obxectivos da Lei, así como o seu ámbito de aplicación.

O Título II ocúpase dos principios reitores da intervención das administracións para o fomento e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións e redes públicas de comunicación electrónicas.

O Título III regula os instrumentos de ordenación e planificación das infraestruturas de telecomunicacións, sinalando os criterios de planificación e ordenación territorial e previndo un plan sectorial de infraestruturas de telecomunicacións. Asemade, fai referencia ao catálogo de infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos obrigatorios de telecomunicacións.

O Título IV desenvolve as normas de protección do ambiente, a paisaxe, o medio ambiente e o patrimonio cultural.

O Título V ten por obxecto a inspección e o réxime sancionador.

O Título VI define ao Consello Asesor para as telecomunicacións e o Desenvolvemento Dixital de Galicia como órgano consultivo e asesor en materia da sociedade da información e das telecomunicacións, e como órgano de estudo, asesoramento e apoio á administración na definición e execución da intervención e actuacións públicas na devandita materia.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

- O CES considera que o texto que se presenta resposta á súa concepción de norma marco ou xeral, que establece os principios reitores e regras xerais sobre as que se desenvolverá a implantación no territorio galego das infraestruturas de telecomunicacións. A xuízo do CES o texto ten en conta a práctica totalidade dos aspectos que poden influír ou mesmo verse afectados polo desenvolvemento deste tipo de infraestruturas.

Nembargante isto, considérase que o anteproxecto debería garantir a posta en marcha e execución do Plan Sectorial de Infraestruturas de Telecomunicacións de Galicia nun determinado prazo de tempo. Non facelo así, suporía deixar no aire a propia efectividade da lei, que se convertería tan só nunha declaración de intencións.

- Valórase o compromiso co impulso dunha sociedade do coñecemento, ao darlle carácter de servizo básico ás telecomunicacións. Aínda que se considera que o contido deste anteproxecto de lei debера ser máis explícito e concretar tamén como finalidade e obxectivo da lei, ademais dos que a propia norma sinala, a de que o marco regulador propicie unha competencia efectiva en infraestruturas que estimule o investimento, o fomento e a consolidación do emprego, a mellora constante das condicións laborais, así como, reducir a fenda dixital existente en todos os ámbitos e aspectos (medio urbano e medio rural, entre homes e mulleres, pomes e grandes empresas...).

- A Lei debe adquirir un compromiso maior coa garantía de prestación de cobertura universal da banda larga e así mesmo coa optimización dos custos.

- Valórase positivamente todo avance realizado en materia de dereitos das persoas usuarias, mais bótase en falta a mención a aqueles referidos á protección das persoas usuarias con discapacidade ou con necesidades sociais especiais.

- O CES considera que a lei debe garantir que todas as actuacións que se leven a cabo para o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións teñan en conta a “*salubridade pública*”, cuestión á que só se alude no artigo 20 en relación co deber de conservación. Por tal motivo, as actuacións que atenten contra a saúde pública deberían ter incidencia no réxime sancionador, xa que no actual texto tal suposto non se contempla.

- En opinión do CES, o texto do anteproxecto presenta unha certa falta de concreción á hora de definir os obxectivos e os marcos temporais nos que se vai desenvolver.

Neste senso, as consideracións particulares referidas aos artigos 9 e 17 deste anteproxecto presentan dous exemplos da devandita falta de concreción. Asemade, esta deficiencia tamén se reflicte no feito de que non se establece quen será o encargado de mediar, arbitrar en casos de conflito e resolver en caso de litixio entre dous operadores, un titular da infraestrutura e outro potencial usuario da mesma.

- O CES considera que, en consonancia co artigo 2.f), a Administración Autonómica debería coordinarse con outras administracións públicas, como entidades locais ou entes do sector público, para harmonizar o acceso dos operadores ás redes públicas de comunicación electrónica da nosa Comunidade.

- Noutra orde de consideracións, sinálase que o texto do anteproxecto debe someterse a unha revisión para corrixir algúns erros no correcto uso do idioma galego, así como subsanar determinadas deficiencias no uso dunha linguaxe non sexista.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos

O CES entende que resulta incorrecta a utilización do termo “*rexión*” para referirse a Galicia, propoñendo que se substitúa por “*comunidade*” ou “*comunidade autónoma*”. Igual consideración debe realizarse en relación co artigo 2.2.b). no que se propón eliminar a verba “*rexional*”, que resulta superflua. Asemade, no artigo 14.1.c) procedería substituír o termo “*rexional*” por “*comunitaria*” ou “*galega*”.

Considérase asemade que a exposición de motivos debería incluír, na súa parte final, unha alusión a que o anteproxecto foi sometido ao preceptivo ditame do CES de Galicia.

ARTIGO 1.- Obxecto.

O CES entende que á hora de establecer o marco legal e as condicións adecuadas para o despregamento das infraestruturas de telecomunicacións, a seguridade debería primarse como criterio, polo que, ademais de realizarse “*de xeito áxil, ordenado, eficiente...*”, debería engadirse “*seguro*”.

Asemade, por motivos de coherencia co que se anuncia reiteradamente na exposición de motivos, ao final deste artigo, ademais de “*de xeito... respectuoso co medio ambiente*”, se deberían engadir “*a paisaxe, o patrimonio cultural, o urbanismo e a ordenación do territorio*”.

ARTIGO 2.- Finalidades e obxectivos.

No concernente ao seu apartado 2, letra e), o CES entende que debería modificarse a redacción do texto de sorte que non só se aluda á necesidade de contribuír a corrixir desequilibrios senón que o obxectivo real sexa a eliminación destes. Deste xeito, a redacción final podería ser igual ou similar á seguinte:

“e) Eliminar os desequilibrios territoriais reducindo a fenda dixital entre o medio urbano e o rural”.

ARTIGO 5.- Intervención do sector público autonómico na promoción de infraestruturas de telecomunicacións e redes públicas de comunicacións electrónicas.

No final do enunciado primeiro do apartado 1, o CES considera que se debería substituír a expresión “*quedará limitada*” por “*dirixirase prioritariamente*”.

No que atinxe ao seu apartado 3, considérase que non ten sentido que por medio desta lei se prohiba expresamente que un operador público de servizos –sempre que non sexa operador público de infraestruturas–, participe en procedementos de concorrencia pública.

ARTIGO 7.- Principios de coordinación e cooperación en materia de implantación de infraestruturas de telecomunicacións e despregamento de redes públicas de comunicacións electrónicas para os efectos da súa planificación e uso.

No que atinxe ao seu apartado 2, que trata sobre as obrigas de información periódica, considérase positiva a elaboración dun inventario das infraestruturas de telecomunicacións e redes públicas de comunicacións electrónicas xa existentes, se ben é necesario demandar unha maior coordinación entre as Administracións coa finalidade de que sexan estas as únicas encargadas de facilitar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia toda a información sobre a implantación de infraestruturas e despregamento de redes públicas, para os efectos da súa planificación e uso.

O CES entende que non debería ser esixida a entrega dos plans de futuro dos operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas se estes plans xa están en poder da Administración.

O segundo inciso do artigo 7.3 establece a necesidade de que as ordenanzas municipais en materia de telecomunicacións contén cun mecanismo que permita por en coñecemento dos operadores todas aquelas obras que vaian desenvolverse no municipio afectado ao vo, solo ou subsolo, coa finalidade de que fagan coincidir con estas as súas propias obras de despregamento de redes de telecomunicacións. Se ben o obxectivo da medida é loable, o CES entende que non debería imporse como obrigatorio, senón que habería que

flexibilizar ou relativizar estas medidas. Neste senso, proponse incorporar a expresión “, *na medida en que sexa posible,*” despois de “*espazos públicos municipais coa finalidade...*”.

ARTIGO 8.- Principio de neutralidade e interoperatividade.

En opinión do CES, a expresión “*por razóns debidamente xustificadas*” recollida no seu apartado 1 é demasiado ambigua e imprecisa, polo que tería de ser detallada máis ou ben referila ao artigo 2.- Finalidade e obxectivos da Lei.

Asemade, en aras dunha maior claridade, proponse eliminar no devandito apartado a expresión “*en todo caso*”.

ARTIGO 9.- Infraestruturas de telecomunicacións en edificios públicos.

Considérase que á hora de determinar que se entende por “*reforma substancial*” habería que establecer un elemento obxectivo de referencia e non determinar unha contía monetaria. En todo caso, esta referencia tería que vir determinada por vía regulamentaria.

ARTIGO 11.- Infraestruturas de telecomunicacións en vivendas

O CES considera que nos procesos tendentes a garantir a introdución destas infraestruturas nas vivendas debería contemplarse a vixilancia dos incrementos de prezos das mesmas que puideran xustificarse na existencia das ditas instalacións.

Asemade, á hora de facer referencia á clasificación de vivendas como “*fogares dixitais*” de conformidade coa normativa estatal, sería conveniente indicar que esta expresión ven definida no anexo V do Real Decreto 346/2011.

ARTIGO 12.- Principio de sostibilidade ambiental

O CES considera que a redacción debería reforzar a idea de que as tecnoloxías empregadas nas infraestruturas de telecomunicacións sexan respectuosas co medio ambiente, polo que propón substituír no apartado 2 o termo “*procurarán*” por “*deberán*”.

Asemade, entende que deberían fomentarse tamén as medidas de promoción e concienciación que poñan en marcha ou deseñen outros axentes sociais (apartado 5).

Finalmente, a redacción deste artigo debería deixar claro que o principio de sostibilidade ambiental obriga aos operadores a que estes elixan, entre todas as opcións dispoñibles, unha que satisfaga o citado principio, pero sen necesidade de optar por unha tecnoloxía concreta e determinada, pois isto podería vulnerar o principio de neutralidade tecnolóxica.

ARTIGO 13.- Instalacións susceptibles de afectar ás infraestruturas de telecomunicacións ou á prestación dos servizos de comunicacións electrónicas.

O CES considera oportuno insistir na necesidade dunha coordinación efectiva entre as distintas Administracións, co obxectivo de evitar duplicidades na entrega de documentación ou trámites administrativos esixidos aos operadores ou ben que trámites que sexan autorizados por unha administración non se vexan paralizados noutra.

Por outro lado, no caso en que sexa necesario o informe favorable da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, o CES considera que o prazo dun mes establecido no punto 2 do citado artigo resulta moi curto para poder entender como positivo o silencio administrativo.

ARTIGO 17.- Determinacións mínimas dos instrumentos de planificación urbanística.

Enténdese que a redacción do apartado 1.c) está realizada de forma tan xenérica que podería supor un alto grao de inseguridade xurídica, xa que non se establecen os parámetros, o procedemento nin o órgano competente para determinar se unha instalación é obsoleta ou insegura.

ARTIGO 18.- Catálogo de infraestruturas necesarias para a prestación dos servizos obrigatorios de telecomunicacións.

O CES considera que na elaboración dos contidos mínimos do catálogo de infraestruturas deberá contarse coa participación dos representantes dos consumidores e usuarios.

ARTIGO 20.- Deber de conservación

Na segunda parte do apartado 1, deberíase substituír a expresión “*procurarán incorporar as melloras tecnolóxicas*” pola de “*deberán incorporar, sempre que sexa posible, as melloras tecnolóxicas*”.

ARTIGO 23.- Tipificación das infraccións

Considérase que a falta dunha mínima regulación das condutas que poidan cualificarse como infracción leve atenta contra o principio de seguridade xurídica.

ARTIGO 25.- Prescrición

O CES entende que o prazo proposto para a prescrición das infraccións moi graves é excesivo, pois sobrepasa amplamente os prazos establecidos na lexislación sancionadora vixente, tanto estatal como autonómica, e que non ten parangón, sequera, co prazo de prescrición das infraccións que se tipifican no Código Penal. Neste senso, considérase necesario a redución dos prazos de prescrición indicados no apartado 1.

ARTIGO 29.- Consello asesor para as telecomunicacións e o desenvolvemento dixital

Enténdese que este artigo presenta unha definición insuficiente e imprecisa deste novo Consello Asesor, polo que non queda suficientemente xustificada a súa creación.

A pesar de que o texto defíneo como órgano consultivo e asesor da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, non está claro se este órgano será o asesor da Axencia para a Modernización Tecnolóxica (entendéndoa englobada na “Administración Xeral”) en todos aqueles aspectos non concretados ou das administracións locais ou calquera ente público titular das infraestruturas de telecomunicacións no desenvolvemento das súas ordenanzas locais ao respecto de se son acordes coa lei ou non.

Asemade, podería pensarse que este Consello, definido como “*órgano de estudo*”, é o encargado de realizar a análise do inventario de redes mencionado no artigo 7, ou o responsable da realización da planificación autonómica

ou local, porque calquera destas actividades está en consonancia coa definición dada neste artigo.

O CES considera necesario que, ao igual que se incorpora unha disposición adicional sobre a posta en funcionamento do mesmo, se concrete nesa mesma disposición cómo se vai constituír, quén o vai compoñer, que atribucións e obxectivos vai ter e unha mínima regulación do seu funcionamento.

No que atinxe á súa composición, tendo en conta a Lei 17/2008, aprobada polo Parlamento de Galicia, de participación institucional, non debería deixarse para un posterior desenvolvemento regulamentario a participación dos axentes económicos e sociais. En opinión do CES, a redacción debería harmonizarse coa da devandita Lei, polo que a redacción deste artigo debería modificarse e facer referencia tamén ás organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Disposición Adicional Segunda.- Rede de seguridade e emerxencias de Galicia.

En caso de emerxencias e desastres, resultaría conveniente fomentar a necesaria coordinación da rede de emerxencias, non só a nivel estatal senón tamén a nivel europeo.

Disposición Adicional Terceira.- Información e protección dos consumidores e persoas usuarias.

Propónse facer unha referencia ao marco normativo xeral, de tal xeito que no apartado segundo, despois de “*adoptará*”, engadiríase a expresión “*, de acordo co marco normativo xeral,*”.

”



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

